

O ATLAS DOS SOÑOS

(Percorrido cartográfico e persoal pola poética dos anos noventa)

*“escribimos para facer memoria
do que nos dana tanto coma nos conforta”*

Baldo Ramos, *Raizames*

Cando se iniciaron, presentábanse os noventa como uns anos de grandes expectativas para a lírica pois, atendendo ó seu florecemento na década anterior, esperábase que todas, ou a maioría, das liñas abertas nos oitenta acabasen consolidándose e novas voces viñesen arriquecer aínda máis o panorama literario galego. En xeral, e deixando á marxe unha serie de experiencias frustradas (1), foi nestes anos cando agromaron algunhas das poéticas que van ir marcando as páxinas do libro da nosa lírica máis contemporánea e trazan os camiños polos que o verso se manifesta hoxe en día. Neste achegamento de novas tendencias, e tamén na lexitimación doutras, tiveron boa parte de responsabilidade os premios e as coleccións de poesía que nese momento se abriron a eles (caso de Espiral Maior) e mesmo só para eles (como Letras de Cal ou Ablativo Absoluto, aínda que esta última dun xeito maioritario pero non exclusivo).

1. Os premios de poesía

É imprescindible revisar a lista dos premios de poesía máis destacados dos últimos anos para atopar referencias á receptividade da crítica e dos propios escritores a respecto da obra dos máis novos pois, nunha literatura como a nosa, sempre a un paso da súa normalidade, os certames desempeñan un papel fundamental á hora de descubrir e consolidar voces. Así, se resultou estraño, en 1994, que unha moza de dezasete anos gañase a terceira convocatoria do Premio de Poesía Fermín Bouza Brey -tratábase de Yolanda Castaño con *Elevar as pálpebras*-, hoxe non sorprende o feito de que as novas voces vaian ocupando estes certames. Por citar só un exemplo, na súa convocatoria de 2001 o Premio Espiral Maior recaeu en Estíbaliz Espinosa con *Número e*, o accésit do Esquíó foi para María do Cebreiro, o Concello de Carral mereceuno Baldo Ramos por *A árbore da cegueira* e o premio especial que viña recordar o Centenario de Bouza Brey galardoou un libro de Emma Pedreira Lombardía. Con todo, este descubrimento de novos poetas a través dos premios non é un fenómeno exclusivo da última década senón que se estende xa desde os oitenta e axuda, en moitos casos, a que vexan a luz obras

que, doutra maneira, non terían nada fácil chegar ó prelo. Mención aparte merece o Premio Espiral Maior que, durante as súas sete primeiras edicións (de 1992 a 1999), ía destinado unicamente a descubrir autores con menos de 35 anos e sen obra publicada. Poetas que se deron a coñecer gañando algún premio son Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Emma Pedreira Lombardía, Lucía Novas, Carlos Penela, Modesto Fraga, Estevo Creus, etc. Con todo, non sempre son os premios o recurso para revelarse e así entre as voces que non pasaron pola criba dos certames para publicar a súa primeira obra están Olga Novo, Celso Fernández Sanmartín, María Lado, Carlos López ou María do Cebreiro.

2. As coleccións de poesía

Entrada a década dos noventa, un rápido repaso polos andeis das librerías permitíanos o encontro con volumes de todo tipo escritos por mans, aínda adolescentes ou máis maduras, que son edicións de autor (como os primeiros libros de Lupe Gómez: *Pornografía* e Celso Fernández Sanmartín, curiosamente, neste caso unha obra sen título), veñen abalados polo carimbo do emblemático selo Espiral Maior (*Espello sen fondo* de Carlos López) ou polo prestixio da colección Ablativo Absoluto (*O estadio do espello* de María do Cebreiro), son textos que se acubillan nas Letras de Cal (*A primeira visión* de María Lado) ou toman a súa forma material noutros selos máis “alternativos” como as Edicións do Dragón (*A teta sobre o sol* de Olga Novo). Revisando, pois, as coleccións máis importantes -Espirál Maior, Illa Verde, Ablativo Absoluto, Lorenzo Baleirón, etc.- e estando atentos a outras vías de publicación podemos facernos unha idea dos derroteiros que van tomando os versos nos últimos tempos.

3. As poéticas

Se a década dos oitenta supuxo un revulsivo na maneira de concibir o poema, nas formas e temáticas que podían atoparse nos versos, a dos noventa foi a da consolidación para un gran número de voces que van enchendo os ocos que a poética dos oitenta non cubría. Así, serán sobre todo as poetisas as que experimenten, cren, deconstrúan discursos (erotismo, liña intimista, os mitos) pouco explorados ata ese momento, seguindo, en certo sentido, o ronsel de autoras como Chus Pato, Ana Romaní, Pilar Pallarés, Luísa Villalta ou María Xosé Queizán. A palabra faise agora elástica e estírase ata moldeala deixando atrás calquera tipo de tópicos e tabús á hora de crear. Este criterio pódese aplicar tamén ás formas e así, a modo de exemplo, citaremos o

primeiro poemario de Baldo Ramos, *Raizames*, que vía a luz nos días en que iniciabamos a escrita deste artigo. O seu autor xa nos engaiolara co traballo como poeta e artista gráfico en *As follas da memoria* e *Ut pictura poesis* (2) ó concibir as súas obras como unha amálgama de pintura e verso onde as artes coexisten ó mesmo nivel, sen predominar unha sobre a outra. Precisamente, esta conexión intraartística vai ser un dos trazos máis relevantes dos autores que comezan a darse a coñecer xa iniciada a década dos noventa, así como dos máis novos poetas. Pensemos en productos como *Valdeleite* -revista de creación literaria elaborada por Olga Novo e Yolanda Castaño (3)-, os cartapacios das Edicións do Dragón (4), *Edénica* -antoloxía de Yolanda Castaño onde a propia poeta canta as súas composicións (5)- ou a poesía visual dos creadores do Salnés (Lois Magariños, Pedro Gonzalves, Anxo Pastor...), máximo grao de conexión entre imaxe e texto. Sen embargo, estas son, aínda hoxe, mostras marxinais dentro do macrocosmos da expresión poética que se expande nos últimos anos, non sen certas dificultades que os poetas novos deben superar.

4. As voces

Unha das primeiras autoras en darse a coñecer na década dos noventa foi Yolanda Castaño que, a día de hoxe, conta xa con tres poemarios publicados: *Elevar as pálpebras*, *Delicia* e *Vivimos no ciclo das erofanías* (que, ademais do II Premio Johán Carballeira, acadou tamén o Premio da Crítica Española ó mellor libro de poemas en galego do 1998). É a súa unha poética novidosa no uso da linguaxe e na presenza dun erotismo moi particular que adopta varios matices, todos eles levados ó extremo. Precisamente estes dous riscos son tamén propios de Lupe Gómez, autora que recorreu á autoedición coa súa primeira obra, *Pornografía*, mentres que logo xa se lle abriron as portas de editoras recoñecidas: a colección Ablativo Absoluto de Xerais para *Os teus dedos na miña braga con regra* e o selo Noitarenga que publica *Poesía fea*. Amosa Lupe Gómez un gusto extremo pola provocación léxica, as formas breves e contundentes, así como por unha serie de *leitmotiv* sempre reiterados como os procesos fisiolóxicos femininos (é ben explícito, neste sentido, o título do segundo dos seus libros) e a reivindicación de determinadas figuras como as putas.

A vivencia plena e deliciosa do amor confórmase como eixo temático principal da primeira obra de Lucía Novas, *Epiderme de estío*, onde amor e Eros se manifestan en simbiose, sen predominar un sobre o outro, pero vinculados á presenza dun cosmos mariño. Tamén na poética de Modesto

Fraga, *Do amor salgado* e *Mar de ausencias*, sobrancea a dura paisaxe da Fisterra que viu participar a este autor nas actividades do Batallón Literario da Costa da Morte (6) onde se deu a coñecer. Neste punto da nosa xeografía sitúase un cúmulo de sensacións extremas que o ser debe afrontar con afouteza axudado pola beneficiosa influencia do amor. Outro dos poetas que pertenceron ó Batallón Literario é Estevo Creus. Na súa obra, *Poemas da cidade oculta*, *Areados* e *Teoría do lugar*, sobrancea un discurso innovador que devén moitas veces en surreal e explora mundos caóticos conformándose, así, como unha das voces máis persoais do noso panorama actual. Neste sentido, entronca con Claudio Pato quen no seu primeiro poemario, *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev*, se conforma como un autor que abre novas vías para o verso a través dunha linguaxe críptica e chea de referencias culturais.

Vinculando o tema erótico co telurismo, Olga Novo, que se dá a coñecer en 1996, explora en *A teta sobre o sol* e *Nós nus* a presenza da terra como feito absolutamente irrefutable na constitución do ser humano. Tamén de matriz telúrica é a obra de Celso Fernández Sanmartín pero amosando unha visión radicalmente distinta que leva implícito o desexo de conservala e a necesidade de protexela. Pasando da sinxeleza naif a certa tendencia surreal, sobre todo conforme avanza na creación da súa obra, a poética deste autor vaise complicando e relacionando con outros temas como pode verse no seu primeiro libro sen título, en *Propiamente son captivo* e, sobre todo, en *Fucsia, talladas, estampados, boca*. E Juan Abeleira, na súa *ópera prima* en galego, utiliza as figuras do bestiario para falar dunha relación amoroso-erótica que atopa o seu reflexo no cío animal desenvolvida nas páxinas dun poemario fermoso e aberto, *Animais, animais* que vén ser unha mostra da entrega máis completa.

Nunha liña substancialmente distinta, Emma Couceiro deriva cara á tensión existencial, chegando a rozar os territorios da angustia, experimentada por un ser que se sente estraño na súa propia pel. As ameazas externas, o intimismo radical, a reflexión a respecto da propia problemática do ser humano acaban conformando, en *Humidosas* e *As entrañas horas*, libros densos e desgarrados. En certo sentido, a obra de Carlos López entronca con esta temática se ben nela apréciase a presenza moi esvaída dun amor pasado e perdido que devén en provocador desa situación de desacougo e obriga ó eu a procurar a saída do *Espello sen fondo* que o escraviza. Precisamente, a memoria convertida en forza que transmite os códigos secretos e nos conforma como persoas é o eixo central da segunda obra de María Lado, *Casa atlántica, casa cabaret* aínda que xa era factible atopala en *A primeira visión* pois a

autora volve ás casas, lugares e persoas que ten gravadas no recordo máis íntimo. A mesma temática sobrancea na obra de Baldo Ramos, tanto en *Raizames* como na gañadora do premio Concello de Carral do 2001: *A árbore da cegueira*, onde se radicaliza a mensaxe poética constituíndo un mundo de continuos golpes e feridas. Carlos Penela deriva, en *As linhages do frío*, cara a unha poética da desolación que amosa a pegada do tempo sobre os seres e os espazos máis próximos.

Pola súa parte, Estíbaliz Espinosa representa, con *Pan*, a reivindicación dos saberes ancestrais e, en moitos casos, arcanos, que serven para elaborar unha poética próxima ó esotérico. Outra autora que indaga nas linguaxes non recoñecidas, como a das menciñeiras, para desde elas denunciar as situacións opresivas que certos estamentos deberon afrontar -véxase a implícita defensa das bruxas en *Grimorio*- é Emma Pedreira Lombardía. Hoxe por hoxe, é a súa unha das voces máis prolíficas e premiadas do momento e así deu xa á luz cinco libros: *Diario bautismal dunha anarquista morta*, *Grimorio*, *Corpo*, *As posturas do día* e *Velenarias* onde as temáticas varían pero formalmente é posible atopar un fío conductor: a complicación da linguaxe e a ruptura coas convencións versais mesturando prosa e verso, narratividade con lirismo. Do mesmo xeito, María do Cebreiro co seu primeiro libro, *O estadio do espello*, únese a esta xinea de mulleres poetas que buscan a ruptura coas linguaxes convencionais. O verso convértese en canción popular, en listado de termos, para construír unha nova linguaxe e un discurso diferente que foi moi celebrado pola crítica no seu momento. Isto parece desprenderse tamén dos poucos textos que, ata agora, ten dado ó prelo Lucía Aldao quen, aínda carecendo dun libro publicado, se anticipa como unha autora moi interesante para os próximos anos.

5. Coda

En todas as voces e poéticas que se imbrican na tarefa común de delinear o atlas da nosa poesía máis recente -as citadas e moitas outras que non aparecen neste artigo- hai que recoñecer a vontade de superar unha situación anómala. A que nos leva a ir dando pequenos pasos cara á normalización da lingua e, por conseguinte, da escrita nun código que, segundo o último informe da Unesco, corre perigo de desaparecer. Mais, mentres haxa poetas que nos fagan vibrar, sentir, chorar... coas súas creacións, sempre á procura das “*verdades dos sonhos*” -como dixo Manuel Álvarez Torneiro-, podemos confiar esperanzados no futuro.

Notas

1.- Neste sentido, preguntámonos onde están Xosé Pablo Bayo que publicou *Tempo de chover* en 1994, Ana Baliñas quen acadou, con *Varias*, o accésit do Premio Esquíu no mesmo ano ou Cristina Cabada gañadora do Premio Espiral Maior de 1996 con *Sombra acesa*. En xeral, con estes tres poderíase exemplificar o caso dos que editaron a súa primeira obra neste momento e non volveron dar nada ó prelo.

2.- Estes dous libros de artista, totalmente artesáns, foron elaborados na súa totalidade polo poeta ata o punto de que el mesmo se encarga de preparar o papel, facer a impresión dos deseños e dos textos e coser o exemplar correspondente.

3.- A revista *Valdeleite* só deu a luz, de momento, o número 0 en decembro de 1998. A publicación consistía nunha serie de follas de cores (onde se imprimen as colaboracións literarias), dobradas e introducidas dentro dunha bolsa de feltro de distintos tons. A bolsa, pechada cun cordón, levaba unha cartolina co nome da revista. A elaboración do soporte, as propias bolsas, é tamén obra das autoras.

4.- As Edicións do Dragón, vinculadas nun primeiro momento ó traballo de Fran Alonso, Paco Souto e Miro Villar, elaboraban de xeito artesán unha serie de carpetas onde se incluían os textos manuscritos, tendo cada unha delas unha portada diferente. Neste selo viron a luz obras colectivas como *Ao mar de adentro* (con poemas de 27 autores novos), *A rota dos baleeiros* (sobre textos de Francisco Alonso, Paco Souto e Miro Villar), *Oito e medio* (antoloxía de oito poetas novas), *Dous bocetos* (obra de Francisco Souto e Adriana Castro) e individuais como *No mesmo espacio* de Rafa Villar e *A teta sobre o sol* de Olga Novo.

5.- *Edénica* é unha selección da obra de Yolanda Castaño que, para alén dos once temas que canta ou recita a propia autora no CD (“Liñas paralelas”, “Vivimos no ciclo das erofanías”, “Beber leite”, “Poética de incertidumes”, “To be”, “Dame un fogar”, “Alimentamos ó animal”, “O privilexio”, Verde + azul”, “Chamarte en oración” e “Epílogo”), recolle tamén uns poemas inéditos. A música e os arranxos dos temas son da autoría de José Antonio Fernández Calero.

6.- O Batallón Literario da Costa da Morte foi unha iniciativa moi importante que se desenvolveu entre os anos 1996 e 1998 e logrou dinamizar espacios xeográficos ata ese momento non moi activos poeticamente. Ademais, do Batallón saíron voces como as de Modesto Fraga, María Lado, Suso Baamonde, Pilar Beiro, Alexandre Nerium, etc., que convivían con

autores que xa tiñan obra publicada como Rafa e Miro Villar, Marilar Aleixandre ou Estevo Creus.

Bibliografía

- Abeleira, Juan**, *Animais, animais*, Espiral Maior, A Coruña, 2001.
- Castaño, Yolanda**, *Elevar as pálpebras*, Espiral Maior, A Coruña, 1995 (III Premio de Poesía Fermín Bouza Brey).
- , *Delicia*, Espiral Maior, A Coruña, 1998.
- , *Vivimos no ciclo das erofanías*, Espiral Maior, A Coruña, 1998 (II Premio de Poesía Johan Carballeira e Premio da Crítica Española).
- , *Edénica*, Espiral Maior, A Coruña, 2000 (libro + CD).
- Couceiro, Emma**, *Humidosas*, Espiral Maior, A Coruña, 1997 (V Premio de Poesía Espiral Maior).
- , *As entrañas horas*, Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 1998 (X Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón).
- Creus, Estevo**, *Poemas da cidade oculta*, Xerais, Colec. Ablativo Absoluto, Vigo, 1996.
- , *Areados*, Deputación Provincial da Coruña, 1996 (Premio Miguel González Garcés).
- , *Teoría do lugar*, Ed. Do Castro, Sada, 1999 (XI Premio de Poesía Lorenzo Baleirón).
- Espinosa, Estíbaliz**, *Pan (Libro de ler e desler)*, Colec. Esquíu de Poesía, Ferrol, 2000 (XIX Premio Esquíu de poesía 1999).
- Fernández Sanmartín, Celso**, Libro de poemas sen título, Edición do autor, sen lugar, 1995.
- , *Propiamente son captivo*, Letras de Cal, A.C. Amaía, Santiago, 1997.
- , *Fucsia, talladas, estampados, boca*, Edición do autor, 2001.
- Fraga, Modesto**, *Do amor salgado*, Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, Lugo, 1997 (Premio de Poesía "O Grelo-Amigos de Galicia").
- , *Mar de ausencias*, Bauprés, Vigo, 2000.
- Góme, Lupe**, *Pornografía*, Edición da autora, 1995.
- , *Os teus dedos na miña braga con regra*, Ed. Xerais, Colec. "Ablativo Absoluto", Vigo, 1999.
- , *Poesía fea*, Noitarenga, Santiago, 2000.
- Lado, María**, *A primeira visión*, Letras de cal, A.C. Amaía, Santiago, 1997.

-----, *Casa atlántica, casa cabaret*, Xerais, Colec. Ablativo Absoluto, Vigo, 2001.

-**López, Carlos**, *Espello sen fondo*, Espiral Maior, Colec. A Illa Verde, A Coruña, 2000.

-**María do Cebreiro**, *O estadio do espello*, Xerais, Colec. Ablativo Absoluto, Vigo, 1998.

-**Novo, Olga**, *A teta sobre o sol*, Edicións do Dragón, (Muros), 1996. Existe unha reedición en Letras de Cal, A.C. Amaía, Santiago, 1999.

-----, *Nós nus*, Xerais, Colec. Ablativo Absoluto, Vigo, 1997.

-**Novas, Lucía**, *Epiderme de estío*, Espiral Maior, A Coruña, 2001 (IV Premio de Poesía Concello de Carral).

-**Pato, Claudio**, *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev*, Xerais, Colec. Ablativo Absoluto, Vigo, 1997.

-**Pedreira Lombardía, Emma**, *Diario bautismal dunha anarquista morta*, Espiral Maior, A Coruña, 1999 (III Premio de poesía Johan Carballeira).

-----, *Grimorio*, Edicións do Castro, Sada, 2000 (XII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón).

-----, *Corpo*, Edições Tema, Lisboa, 2001.

-----, *As posturas do día*, Libros da Frouma, Santiago, 2001 (Accésit Premio da Casa de Galicia de Córdoba).

-----, *Velenarias*, Espiral Maior, A Coruña, 2001 (IV Premio Johan Carballeira).

-**Penela, Carlos**, *As linhagens do frío*, Espiral Maior, A Coruña, 1998 (Premio Espiral Maior).

-**Ramos, Baldo**, *Ut pictura poesis*, Edición de artista, Celanova, outono 2000.

-----, *As follas da memoria*, Edición de artista, 2001.

-----, *Raizames*, Libros da Frouma, Santiago, 2001.

TERESA SEARA

Casa da Gramática, 14, marzo 2002, s.p.